



Acordo da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no concello da Laracha (expediente IN407A 2021/29-1).

Expediente: IN407A 2021/29-1

Solicitante: Hidroeléctrica de Laracha, S.L.

Denominación: LMT CT Teixeira e enlace coa RBT.

Concello: A Laracha.

Características técnicas:

1. Desmontaxe dun treito da liña de Media Tensión aérea a CT Teixeira (Expte.- 25/98), en condutores nus de tipo LA-30, cunha lonxitude de 44 metros.

No apoio existente nº 10 de tipo HV-13/1000, que xa está a facer as funcións de final de liña, se realizará o paso de aéreo a subterráneo da LMT subterránea proxectada, e se instalarán nel pararraios autoválvulas de 18 kV/10 kA.

2. No seu lugar proxéctase nova liña de Media Tensión subterránea en condutor de tipo RHZ1 - 12/20 kV, 3 (1x150 Al), que terá o seu inicio no paso de aéreo a subterráneo a realizar no apoio nº 10 existente de tipo HV-13/1000 da LMT a CT Teixeira (Expte.- 25/98), e finalizará no Centro de Transformación proxectado, sendo a lonxitude total da liña de Media Tensión subterránea proxectada de 89 metros.

3. Proxéctase a desmontaxe do Centro de Transformación existente chamado Teixeira, en caseta de obra civil con transformador de 100 kVA.

4. No seu lugar proxéctase un novo Centro de Transformación prefabricado de manobra interior de tipo PFU-3, que irá ubicado nunha parcela con acceso dende vial público de circulación, no que se instalará un transformador de 100 kVA. Instalaranse dúas celas de liña (unha delas de reserva) e unha cela de protección para o transformador proxectado, todas elas con illamento en SF6.

Lexislación de aplicación:

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2/10/2015).

-Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2/10/2015).

-Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27/12/2013).

-Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27/12/2000).

-Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Vicepresidencia
Segunda e Consellería de Economía,
Empresa e Innovación

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer 2, 1º e 2º andar
15071 A Coruña
Tel: 981 18 49 01-981 18 49 02
Web: ceei.xunta.gal



-Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17/12/1954).

-Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición dos interesados nas dependencias da sección de Enerxía desta Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña, das 9:00 as 14:00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico seccion.enerxia.coruna@xunta.es ou nos teléfonos 981 184970 e 184938), así como no concello. Tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Empresa e Innovación: <https://edicionportais.xunta.es/web/portal-cei-2014/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>.

A Coruña,
Isidoro Martínez Arca
Xefe territorial da Coruña



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Vicepresidencia
Segunda e Consellería de Economía,
Empresa e Innovación

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer 2, 1º e 2º andar
15071 A Coruña
Tel: 981 18 49 01-981 18 49 02
Web: ceei.xunta.gal

galicia

Anexo

Expediente: IN407A 2021/29-1

Solicitante: Hidroeléctrica de Laracha, S.L.

Denominación: LMT CT Teixoeira e enlace coa RBT.

Concello: A Laracha.

Relación de propietarios, bens e dereitos afectados:

Finca número: 1.

Paraxe: LG Costa 13

Cultivo:

Propietaria: María Pilar Muíño Marta

Afeccións:

Apoio.

- Apoio núm. 10.
- m²: 10 (PAT).

LMT Subterránea.

- Lonxitude 2 m.
- Superficie 6 m².

Finca número: 2.

Paraxe: LG Fraga – Polígono 153 Parcela 125 – Costa.

Cultivo: C-Labor ou labradío secano.

Propietaria: Dolores Vilas López

Afeccións:

Centro de Transformación.

- Superficie edificación 8 m².
- Beirarrúa 21 m².
- Acceso 32 m².



Xacobeo 2021

